

# O Camiño de Santiago e outras peregrinacións en Álvaro Cunqueiro

## *Saint James' Way and other pilgrimages in Alvaro Cunqueiro*

**Xosé-Henrique COSTAS**

Universidade de Vigo

xcostas@uvigo.es

[Recibido, decembro 2009; aceptado, febreiro 2010]

### **RESUMO**

Álvaro Cunqueiro deixou mostras da súa fascinación pola maxia do Camiño de Santiago ao longo de moitos artigos literarios publicados no Faro de Vigo. Sempre o Camiño é para Cunqueiro metáfora da historia de Galicia e de Europa. Os personaxes reais e imaxinarios que peregrinan a Compostela nos artigos de Cunqueiro forman unha composición metafórica, acrónica e fantástica da historia da humanidade.

**PALABRAS CHAVE:** Cunqueiro, Camiño de Santiago, artigo literario.

COSTAS, Xosé-Henrique (2010): "O Camiño de Santiago e outras peregrinacións en Álvaro Cunqueiro". *Madrygal (Madr.)*, 13: 37-43.

### **RESUMEN**

Álvaro Cunqueiro ha dejado muestras de su fascinación por la magia del Camino de Santiago a lo largo de muchos artículos literarios publicados en el Faro de Vigo. Siempre el Camino es para Cunqueiro metáfora de la historia de Galicia y de Europa. Los personajes reales e imaginarios que peregrinan a Compostela en los artículos de Cunqueiro forman una composición metafórica, acrónica y fantástica de la historia de la humanidad.

**PALABRAS CLAVE:** Cunqueiro, Camino de Santiago, artículo literario.

COSTAS, Xosé-Henrique (2010): "El Camino de Santiago y otras peregrinaciones en Álvaro Cunqueiro". *Madrygal (Madr.)*, 13: 37-43.

### **ABSTRACT**

Álvaro Cunqueiro left traces of his fascination on the magic of Saint James' Way thorough many literary articles published in Faro de Vigo. For Cunqueiro Saint James' Way is always a metaphor of Galician and European history. The real and imaginary characters that went on pilgrimage to Compostela in Cunqueiro's articles compose a metaphorical, achronic and fantastic composition of the entire History of mankind.

**KEY WORDS:** Cunqueiro, Saint James' Way, literary articles.

COSTAS, Xosé-Henrique (2010): "Saint James' Way and other pilgrimages in Alvaro Cunqueiro". *Madrygal (Madr.)*, 13: 37-43.

**SUMARIO:** 1. A xeito de limiar; 2. O Camiño como metáfora da historia de Galicia e de Europa; 3. Os tópicos cunqueirianos nos cinco eixos temáticos xacobeos; 4. Referencias bibliográficas

## 1. A XEITO DE LIMIAR

A temática xacobeá ou, de xeito máis xeral, o recurso literario á *peregrinatio*, xa sexa a Compostela, xa a outros lugares santos ou con histórico atractivo máxico-mítico, é constante e recorrente na produción xornalística e literaria de Álvaro Cunqueiro. Á parte das numerosas citas e referencias presentes nas súas obras poéticas e narrativas, temos fichado máis de medio cento de artigos no *Faro de Vigo* en que Cunqueiro trata, directa ou tanxencialmente, o tema da peregrinación xacobeá ou das peregrinacións a lugares máxicos en xeral. Estes artigos abranguen un amplo abano cronolóxico que vai desde 1959 e 1981, aínda que a maioría deles foron publicados nos anos 1962, 1963 e 1964.

Antes de máis nada, deixemos establecido que Cunqueiro cando viaxa (“levado por moi queridas e ensoñadoras lecturas” adoitaba decer) en certo xeito tamén peregrina: cando vai de viaxe a Sicilia peregrina aos tempos gregos de Agrigento e compón poemas de tipo panteísta<sup>1</sup>, cando vai a Cataluña procura os aires remotos dos peregrinos que foron a diversos lugares onde reina o misterio<sup>2</sup>; cando vai a Elsinor perseguindo as lembranzas de Hamlet; cando vai aos outeiros de Hastings na procura da alma de Harold Godwison; ou cando voa a El Aaiún buscando a sombra da deusa Sherezade nas haimas saharauis. Sempre a mesma disposición de espírito ante o posible misterio, perante a presenza segura do marabilloso.

Por iso Cunqueiro é eterno viaxeiro, eterno peregrino, eterno soñador, aínda que non se mova da mesa de traballo e viaxe, peregrine ou soñe a través das páxinas dun libro.

O historiador e crítico de arte Francisco Singul compilou no volume *Álvaro Cunqueiro no Camiño de Santiago* (2004) sete crónicas de viaxes dun Cunqueiro místico e asemade retranqueiro polo Camiño de Santiago, montado nun seiscentos chamado “Don Gaiferos”, desde o Cebreiro a Compostela, publicadas no *Faro de Vigo* entre o 14 e o 24 de outubro de 1962, xunto con dez artigos máis de temática xacobeá publicados todos eles o 25 de xullo de distintos anos entre 1951 e 1974. Coincidimos con Singul ao afirmar que a temática xacobeá cunqueiriana xira arredor de cinco grandes eixos:

- a) Lendas e presenzas xacobeas ao longo do camiño francés
- b) Inventario de peregrinos reais
- c) Inventario de peregrinos fantásticos e literarios
- d) Milagres do Camiño e de Santiago
- e) Outros mitos e historias relacionadas co señor Santiago

## 2. O CAMIÑO COMO METÁFORA DA HISTORIA DE GALICIA E DE EUROPA

Antes de pasarmos a debullar en cada un destes eixos a través da produción de Cunqueiro, teñamos en conta previamente unha serie de consideracións acerca da produción literaria e xornalística cunqueiriana de temática particularmente xacobeá ou xeralmente peregrina.

No plano real, Cunqueiro laia a perda do misterio, da maxia e do esoterismo do Camiño a finais da década dos anos cincuenta e comezos dos anos sesenta do século pasado. Laia o estado de abandono, esquecemento e desleixo e reclama a recuperación do Camiño como lugar de encontro máxico e espiritual entre as xentes de Europa.

Ese estado de ruína e amnesia do glorioso pasado medieval do Camiño é tamén, claro está, unha metáfora do estado de ruína e amnesia do glorioso pasado do noso país. A xente non sabe que por ese humilde carreiro estrelado pasou o máis ilustre da cristiandade, reis e cabaleiros, damas e princesas, bispos e papas, mendigos e moitos homes e mulleres de fe da Europa toda. A xente esqueceu, a xente non valora, a xente está cega de amnesia e ignorancia e aos poderes interésalles que isto siga así. Secasí, o Camiño, no treito galego, é unha fotografía impresionista da historia e da actualidade de Galicia.

A peregrinación de Cunqueiro polo treito galego do Camiño de Santiago convértese nunha peregrinación pola alma do país... nos textos de Cunqueiro está omnipresente a historia, os costumes, a gastronomía, a etnografía, a arte, as lendas, os contos, a paisaxe, a lingua, a arquitectura, a retranca, o humor, a resignación... a peregrinación polo treito galego é, sen dúbida ningunha, unha peregrinación ou unha reflexión arredor de nós, da importancia do ser galego ao longo dos tempos en Europa como

<sup>1</sup> Véxase o poema titulado “Deuses en Agrigento”, do *Herba aquí ou acolá* (1991: 121)

<sup>2</sup> Véxase o poema titulado “A espiña no pé do romeiro”, do *Herba aquí ou acolá* (1991:102)

converxencia e cruxol de moitas tradicións europeas.

Moito se ten comentado e escrito sobre a adscrición de Cunqueiro ao réxime franquista e a súa (aparente) falta de compromiso coa literatura social e, outramente, a súa declarada pertenza a unha liña literaria cualificada de “escapista, evasionista ou puramente esteticista”, nada perigosa para o réxime, máis ben ao contrario, o cal lle ten valido moitas críticas inxustas tanto á súa persoa coma á súa obra.

Porén, as últimas investigacións<sup>3</sup> coinciden en sinalar o seu esteticismo, aparentemente alleo á situación socio-político-cultural do momento, como sutil intervención política, porque sobranceira é a súa tendencia ao esperpento chocalleiro ou retranqueiro e á deformación mítico-literaria como método sofisticado de denuncia social, ao tempo que o seu “realismo máxico” é xa percibido por algúns como unha estratexia nidiamente de resistencia político-cultural. Vai aínda máis alá Méndez Ferrín (1999:16) ao afirmar sen ambigüidades que

(...) Álvaro Cunqueiro, lonxe de ser un escritor etéreo, anxélico, asexuado, apático, en materia política era un real e auténtico militante. Onde máis isto se notaba era nos seus artigos de prensa.

Cunqueiro denuncia tamén nos seus artigos o estado calamitoso que presenta o Camiño e mesmo critica con acedume as autoridades políticas e culturais da época por permitiren que incen as silveiras do esquecemento e invadan o Camiño, a historia gloriosa do noso. Cunqueiro, como home ilustrado incrustado no réxime, podía facelo e fíxoo<sup>4</sup>. Algúns outros destacados autores que tamén estaban co réxime nunca fixeron crítica ningunha. Eis a diferenza.

Vén isto a colación porque Cunqueiro non deixa nunca de denunciar con tristura o abandono do Camiño, as reconstrucións aberrantes do patrimonio peregrino, tanto material coma inmaterial, can-

do non as destrucións irremediabiles dese patrimonio artístico, histórico, arquitectónico, literario e espiritual. Critica con dureza os responsables desta destrución contra o patrimonio que el cre da humanidade. Un escritor afecto ao réxime calaría. Cunqueiro non calou, e isto hai que o dicir.

Concretándonos, Cunqueiro non só fala do Camiño con saudade evocadora, artística, mítica e literaria. Non. Ademais diso, Cunqueiro denuncia a deriva esmorecente do Camiño e de todo o que representou e representa, independentemente de consideracións puramente relixiosas ou filocris-tiás.

### 3. OS TÓPICA CUNQUEIRIANOS NOS CINCO EIXOS TEMÁTICOS XACOBEO

Temos tamén no *Faro de Vigo* catro artigos, con fotos de Javier Vázquez, doutra peregrinación que fixo Cunqueiro desde Roncesvalles ao Cebreiro, publicados desde o 23 ao 26 de xuño de 1965. Estoutros artigos son unha guía histórica, artística, paisaxística, ambiental, mitolóxica, etnográfica, espiritual e humana do Camiño antes de este entrar na Galicia administrativa. O románico marabilloso, as pontes e os seus misterios, as fontes e os seus encantamentos, as evocacións evanescentes de delicadísimas damas de antano son sempre trantsuntos literarios e trasuntos vitais que lle permiten ao autor facer unhas disertacións luminosas, íntimas, máxicas e asemade desmitificadoramente retranqueiras do Camiño.

En todas as peregrinacións que levou a cabo, Cunqueiro sempre se confesou “viaxeiro finxindo ser peregrino”, pero admite que o Camiño, os camiños de peregrinación todos, deixaron nel un pouso emotivo no corazón.

Todos os rexistros e recursos cunqueirianos, todas as súas estratexias narrativas, están tópica e felizmente presentes nos artigos xacobeos e, por

<sup>3</sup> Vid. Nogueira Pereira, M.X. (2005): *Estratexias narrativas na obra de Cunqueiro*, pp. 646-671. [tese de doutoramento defendida na USC, inédita.]. Pérez-Bustamante, A.S. (2000:166-177): “Álvaro Cunqueiro”, en D. Villanueva (coord.): *Galicia. Literatura*. T xxxv, A Coruña: Hércules, pp. 166-177. Tarrío Varela, A. (2001): “Claves fundamentales de Álvaro Cunqueiro”, en *Ínsula* n.º 536: 9-11; Tarrío Varela, A. (1989): *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*. Vigo: Galaxia.

<sup>4</sup> Cando Cunqueiro facía nos seus artigos velada crítica política, ou mesmo cando reclamaba a independencia para Cataluña (Vid. *Faro de Vigo* 3/1/1965 “Arnau fala con Alighieri”), a censura do réxime permitíallo porque se trataba de “cunqueiradas”, saídas de ton ou esbardalles dun Cunqueiro que o réxime non tomaba politicamente en serio.

Por outra banda, temos localizados catro poemas de Cunqueiro de temática social-realista disfrazados baixo o manto protector de supostas traducións de poetas estranxeiros que non existen, xa que sería impensable e decepcionante para o réxime un Cunqueiro poeta social.

descontado, tamén nos escolmados no citado libro de Francisco Singul:

- a) A concepción lírica da cultura e da vida. Cunqueiro é, por riba de todas as cousas, poeta, e non se subtrae nunca a esta condición. Os seus ollos e a súa sensibilidade son os dun poeta.
- b) A mestura constante de vangarda e neotrobadorismo. As damas e os cabaleiros que no camiño foron evócannos os seus *rondeaux* á maneira villoniana, os seus poemas neotrobadoristas, pero agora mesturados con motivos e fasquía actuais.
- c) A tensión dramático-opositiva entre o real e o fantástico, entre o que foi e o que puido ser, de maneira que moitas veces non sabemos o que é verdadeiro e o que é invención ou ficción literaria.
- d) A libérrima e aparentemente caótica mestura de elementos, personaxes, épocas, situacións, lugares e feitos reais e fantásticos.
- e) O realismo atemporal, mestura feliz de historia fóra do tempo e realismo máxico, unha acronía desconcertante e asemade sedutora.
- f) O humorismo fresco e retranqueiro, por veces saudoso e melancólico, pero sempre deformador, transformador e sorprendente.
- g) A saudade poética polos peregrinos e damas de antano: Don Gaíferos, Isabel de Aquitania, Sofía de Holanda, Isabel de Lemos, Guillaume de Aurillac etc.

Para unha mellor comprensión do conxunto da produción de temática “xacobeas”, crucemos agora estes devanditos tópica cunqueiranos cos cinco eixos temáticos das peregrinacións:

#### A) LENDAS E PRESENZAS XACOBEAS AO LONGO DO CAMIÑO FRANCÉS:

Hai unha serie de artigos onde Cunqueiro trata de diversas lendas e tradicións xacobeas, como “Els fanalets de Sant Jaume” (30/11/1967), onde nos relata a fermosa tradición lleidatá dos fachiños

de Santiago e outros temas xacobeos cataláns, como a fundación da igrexa de Sant Jaume del Peu del Romeu, etc; “Santiago peregrino” (25/7/1964); “De la peregrinación” (4/3/1965), “Meu Santiago” (24/7/1960) etc. Neles Cunqueiro fai un percorrido polos principais puntos por onde discorre o Camiño, conta as lendas xacobeas destes lugares, os relatos populares das aparicións do apóstolo a diversos peregrinos etc. Son paisaxes e lendas de peregrinos vivas na memoria dos paisanos, son igrexas, capelas e hospitais onde cada pedra fala do Camiño e do milagre, son restos e rastros, agora restoballo e desleixo, dun pasado misterioso que se resiste a desaparecer baixo a pesada lousa da ignorancia.

#### B) INVENTARIO DE PEREGRINOS REAIS

Cunqueiro laiaba a escasez de peregrinos na época en que el fixo o Camiño sentado no seiscientos “Don Gaíferos”. El peregrinaba buscando os ronseis, as pegadas, os recendos de todos os peregrinos de antano, buscando a maxia, o esoterismo, o recendo do Grial e o ronsel dos guerreiros santos.

O Camiño fixérono santos, reis e raíñas, a flor da cabalaría, ricos burgueses, monxes e mendigos, viúvas e moita xente humilde, todos coas súas culpas e esperanzas. Cunqueiro fala de todos eles, de personaxes reais, ás veces en peregrinacións imaxinarias, como cando soña con Carlomagno peregrinando guiado por unha estrela azul desde Aquisgrán<sup>5</sup>; ou Dante<sup>6</sup>; ou un monxe de Móstar convertido en faisán dentro dunha gaiola prateada (8/8/1963)<sup>7</sup>; ou o corazón do aragonés D. Rodrigo Velaz, levado a Compostela por un seu criado anano e negro (27/6/1964); ou Sofía de Holanda, a peregrinar esmolando e descalciña de pé e perna, en 1175 (4/3/1965); ou o xastre picardo Guillaume Manier (18/1/1967); ou numerosísimos peregrinos das máis diversas nacionalidades: ingleses, flamengos, bretóns, holandeses etc., dos que fala nunha chea de artigos e cuxas historias toma de libros de viaxeiros a España e Portugal e logo deforma ao seu antollo, reinventando a historia. No artigo “Le pelerin par le chemin” (1/1/1965)

<sup>5</sup> No artigo titulado “Carlos Barba Florida”, de 5/11/1963.

<sup>6</sup> “Non o Dante da *Comedia*, senón o da *Vita Nuova* e o do *Canzoniere*”, no artigo “Le pelerin par le chemin”, de 1/1/1965.

<sup>7</sup> Fala dun monxe de Móstar que se converteu en faisán por comer faisán en venres santo, e foi levado en peregrinación a Compostela nunha gaiola de prata. Non se sabe se volveu á forma humana ou quedou en faisán. Se tal fose así –di Cunqueiro– con seguridade sería o pai de todos os faisáns galegos.

temos un sintético resumo do Camiño e dos camiñantes, tanto ilustres coma anónimos, que a Compostela foron.

Sente Cunqueiro auténtica fascinación e devoción polos túmulos de cabaleiros e damas soterrados nas igrexas do Camiño, imaxina as súas vidas, os seus medos e alegrías,... é o eterno “ubi sunt” perfectamente concretado nas damas de Vilar de Donas e nos cabaleiros de Villalcázar de Sirga<sup>8</sup>.

“Se hoxe nos sentamos á beira do camiño e tomamos na man destra un puñado de pó, ¿recoñeceremos as lonxanas impaciencias, aquelas todas impaciencias que provocaron, extrema necesidade do humano corazón, o milagre?” (25/7/1958)

As peregrinacións de Cunqueiro non só van a Compostela, aínda que si moi principalmente, senón que tamén van a onde obra o prodixio, a maxia, o milagre: Nosa Señora do Puy, Roma, Rocamador, O Cebreiro do Santo Grial, Loreto etc. As peregrinacións de Cunqueiro teñen sempre por obxecto a procura do marabilloso e do sobrenatural.

### C) INVENTARIO DE PEREGRINOS FANTÁSTICOS E LITERARIOS

Así como no apartado anterior Cunqueiro se ten que cinxir –moi relativamente– a noticias históricas, no inventario de posibles peregrinos ou de peregrinos literarios a enxurrada imaxinativa é abraiante: un monxe nestoriano da corte do gran Mongka Khan (29/4/1965), un peregrino anónimo que aparece no relato 37 dos *Safarnam* de Nasir-i-Husraw (29/10/1964); San Froilán, de ganchete de Giraldo de Aurillac (6/10/1964); a Virxe María, toda escoltada por Sir Galaaz, D. Quixote e o máis puro e nobre da cabalaría andante (9/8/1964); diversos personaxes de Shakespeare e Rabelais<sup>9</sup>; ou mesmo o notario e alquimista francés Nicolás Flamel (28/2/1959).

Noutros artigos peregrinan a Compostela Sir Percival, “lucindo elmo brillante polas aldeas todas”, e Merlín, quen abraza e dialoga con Santiago sobre os moitos e moi variados enigmas da

vida<sup>10</sup>. D. Hamlet, Fausto, D. Edipo, tamén debéron peregrinar, segundo Cunqueiro, para quen “cada peregrino é un vaso secreto cheo de prodixios”.

Toda a cristiandade, a real e a imaxinada, non importando a época, debeu peregrinar a Compostela. Cunqueiro decía que o camiño é eterno coma un río, e precisamente o Camiño é así metáfora da vida, da historia da humanidade representada na historia de Europa. O Camiño é así o río Europa que, despois de regar as veigas de moitas terras e dar de beber a moitas xentes, vai morrer no mar da Fisterra.

### D) OS MILAGRES DO CAMIÑO E DE SANTIAGO

O Camiño é maxia e misterio para Cunqueiro. Adoitaba dicir que arredor do misterio hai outros misterios, como arredor do Camiño hai outros moitos camiños. “Sen a expectación ante o posible prodixio, facer este Camiño é vaidade”, deixou escrito en 1964.

Cunqueiro confesa que “mentres facía o camiño cara ao Apóstolo, desde Roncesvalles ao Cebreiro, polas noites poñíame a ler nos *Milagres de Santiago*, na excelente edición crítica de José Luís Pensado”<sup>11</sup>. Reproduce parcialmente algúns destes milagres e inventa outros. Nun artigo titulado precisamente “Contando milagros”, de 30/9/1964, inventa dous supostos milagres, profanísimos e retranqueiros, e afirma a seguir que “Historias destas contoas para min mesmo en segredo. ¡Como se non fosen bastantes para decorar o camiño as verdadeiras que veñen nos libros antigos! ¡Que Xacobe me perdoe!”. O Camiño é motivo e fonte de inspiración para o conto marabilloso, porque, como di neste mesmo artigo: “o camiño abanéache a alma, ábreche os ollos e ves alén das sombras, e o prodixio posible forma parte dunha orde marabillosa. E sen te dares conta, inicias o relato...”

Agora ben, o tema máxico máis repetido en toda a produción de Cunqueiro é o do don de linguas do Camiño. Xa nun artigo titulado “Meu San-

<sup>8</sup> Lembremos os espléndidos rondeaux que escribiu para estas damas soterradas en igrexas xacobeas.

<sup>9</sup> Véxase o artigo “Lo que canta Ofelia”, de 12/6/1959, en que fala das referencias xacobeas da primeira canción do acto cuarto, escena quinta, do *Hamlet*; ou tamén “Como Gargantúa comió en ensalada seis peregrinos”, de 3/7/1964.

<sup>10</sup> Véxase o artigo “De Gaiferos y otras peregrinaciones”, de 25/7/1958.

<sup>11</sup> Véxase o artigo “Los milagros que contó Calixto”, de 25/6/1964.

tiago”, de 24/7/1960, falaba da impresión que lle causaran os confesionarios da catedral, onde confesaban en moitas linguas<sup>12</sup>.

“O Camiño de Santiago ten o don de linguas. Sentados no camiño, a unha sobra fresca, quizabes vemos na lonxanía unhas torres, que serán as de Santiago, pero poderían ser as de París ou as de Cracovia, as de Vilna ou as de Maguncia, e saudamos outros peregrinos que pasan, as nacións e as linguas, que van dialogando co camiño, que ten o don destas”.

Porque para Cunqueiro Europa fíxose peregrinando, e reclama en varias ocasións a liberdade de todos os camiños de Europa que conducen aos antigos e santos lugares de peregrinación, cristiá ou pagá, o que é nin máis nin menos que reclamar a unidade dunha Europa sen fronteiras.

O Camiño ten don de linguas xa de ben antigo, porque nas ensoñacións de Cunqueiro “Gaíferos de Mormaltán falaba francés sonoro de Aquitania con Bernal de Bonaval, que soamente sabía galego, e entendíanse moito ben. E entendéronse Francesco co seu claro toscano e Cotalai co seu romance compostelán”<sup>13</sup>.

#### D) OUTROS MITOS XACOBEO

Para irmos pondo o ramo a este contribución, voume referir, de entre os moitos mitos e tópicos xacobeos tratados tamén por Cunqueiro, a un dos mitos de máxima e conflitiva actualidade. A imaxe que ofrece Cunqueiro de Santiago é a dun ser extraordinario, máxico, mítico, literario e pacífico. Por iso rexeita radicalmente a falsa imaxe de “Matamouros” iconograficamente tan manipulada pola Igrexa católica e os reximes nacional-católicos españois.

Xa o 23/5/63 Cunqueiro, nun “Envés” titulado “Santiago en Clavijo”, falaba sobre a inventada intervención de Santiago nesta batalla, no ano 844:

Sospeito, a pesar de toda a iconografía castrense xacobeas, que Santiago non usou do ferro e se limitou a entusiasmar o cristián.

Para informarnos a seguir, noutro artigo, de que na miniatura do folio 2v.<sup>o</sup> do Tumbo B (1326) do Arquivo da Catedral de Santiago, o apóstolo aparece de a cabalo sobre inimigos vencidos, pero non son mouros os vencidos aos pés do cabalo: son cristiáns.

Iso si, Cunqueiro fai un exercicio de erudición, desmitificación e panteísta e ecuménica universalidade ao escribir que “o cabalo era irreprochablemente branco, como o de todos os xinetes divinais que baixan, auxiliares, ás batallas dos homes”. Tamén nos informa de que o cabaleiro Santiago foi buscar este cabalo aos prados celestiais, “que son coma os prados onde nace o Miño”.

Remato esta intervención sobranceando que os camiños de peregrinación, coma os ríos e todos os camiños, son lugares de encontro e de comunicación. A memoria melancólica de Cunqueiro ten saudades do peregrinar románico e gótico a mediados do século XX, e para combater morriñas inventa un mundo onde mestura acronía, realidade e fantasía arredor do Camiño, porque sente auténtica fascinación polos milagres, polos enigmas, polo esotérico, pola maxia dos feitos sobrenaturais e maravillosos, viaxando con humildade e retranca a través da historia e dos personaxes históricos.

O apóstolo é outra cara do complexo poliedro humano que construíu Cunqueiro na súa obra, con Ulises, Hamlet, Otelo, Harold Godwison, D. Gaiíferos, Arnau Daniel etc., Santiago é humanizado por Cunqueiro e elevado así á categoría de home-máxico que el soñaba en cada home.

El é moi consciente da invención do sepulcro apostólico e da utilización deste mito xacobeo por parte de poderes rexios e eclesiásticos, pero tanto lle ten, el sabe que por riba do mito está o prodixio e que o Camiño é moi anterior á chegada do cristianismo, que é puro sincretismo. O Camiño para Cunqueiro é, deste xeito, unha alegoría da historia da humanidade, representada pola historia de Europa, da Europa que se encontra e conflúe peregrinando no Camiño, onde el busca coa imaxinación memorias dos ofrecidos de antano. Ou como el escribiu:

Posto no camiño, eterno coma un río, todo se me fai máis fácil e prodixioso. Ata que as nacións europeas se encontren nel e aprendan.

<sup>12</sup> Di nese artigo: “Cando, case un neno aínda, visitaba por primeira vez a Catedral compostelá, foi para min unha sorpresa inesquecible ler nos confesionarios os letrados que anunciaban o don de linguas: Pro lingua gallica, pro lingua anglica et germanica, pro lingua hungarica...”

<sup>13</sup> Véxase o artigo titulado “San Martiño y los magostos”, de 12/11/1964.

#### 4. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CUNQUEIRO, Á. (1991): *Herba aquí ou acolá*. Vigo: Galaxia [edición aumentada e comentada por Xosé Henrique Costas González].
- MÉNDEZ FERRÍN, X.L. (1999): “ “ en *Clásicos e modernos: tres leituras poéticas*, A Coruña: Departamento de Filoloxía Galego-Portuguesa da UdC.
- NOGUEIRA PEREIRA, M.X. (2005): *Estratexias narrativas na obra de Cunqueiro* [tese de doutoramento defendida na USC, inédita.].
- PÉREZ-BUSTAMANTE, A.S. (2000): “Álvaro Cunqueiro”, en D. Villanueva (coord.): *Galicia. Literatura*. T. XXXV, A Coruña: Hércules Ediciones, pp.166-177.
- SINGUL LORENZO, F. (2004): *Álvaro Cunqueiro no Camiño de Santiago*, Barcelona: Alba.
- TARRÍO VARELA, A. (2001): “Claves fundamentales de Álvaro Cunqueiro”, en *Ínsula* n.º 536.
- TARRÍO VARELA, A. (1989): *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*. Vigo: Galaxia.